

COMUNICADO OFICIAL

RETORNO AOS ADESTRAMENTOS E Á COMPETICIÓN

No día de hoxe, a Secretaría Xeral Para o Deporte publicou o protocolo coa metodoloxía a seguir polas federacións deportivas galegas para o establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

A Federación Galega de Balonmán está a traballar nos protocolos para o retorno á actividade, aínda que a día de hoxe, coa normativa vixente non está permitido o contacto físico, o cal implica unha incompatibilidade total coa práctica da nosa modalidade na forma á que viñamos acostumados/as. Nos vindeiros días, dende a Federación Galega de Balonmán trataremos de propoñer alternativas para poder seguir coa promoción da práctica do balonmán, é momento de reinventarnos mentres non poidamos voltar á normalidade.

Os adestramentos individuais e colectivos, sempre e cando cumpran a normativa vixente na nosa Autonomía, poderían levarse a cabo: máximo 25 persoas mantendo a distancia de seguridade interpersoal, é dicir, sen contacto físico, etc...

A Federación Galega de Balonmán irá informando aos clubs de todos os avances que se realicen dentro do proceso de desescalada e das medidas que se vaian adoptando para facilitar a volta á actividade; mentres tanto pedimos cautela; debemos dar pasos firmes para avanzar.

A Xunta Directiva da Federación Galega de Balonmán
En Vigo a 15 de Xuño de 2020

